

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A. (CRTVG) PARA O FOMENTO DO DEPORTE DE BASE, DEPORTE FEMININO E ALTERNATIVOS

En Santiago de Compostela, 12 de novembro de 2019

REUNIDOS

Don _____, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias desconcentradas nas persoas titulares das secretarías xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

Doutra banda, don _____, con DNI _____, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., nomeado para o devandito cargo por Acordo de 4 de xaneiro de 2016 do Consello de Administración desa entidade corporativa; actuando en nome e representación da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., con NIF _____, en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, *dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia*, e polo artigo 22 dos seus estatutos sociais.

As partes, interveñen en función dos seus respectivos cargos, e no exercicio das facultades que teñen conferidas, que manifestan están vixentes e non lles foron, de ningún xeito, limitadas nin revogadas, polo que, recoñecéndose mutuamente con capacidade legal suficiente

EXPOÑEN

I. Que, conforme ao establecido no artigo 27.22 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte, correspondéndolle á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, de acordo co establecido no artigo 5 do Decreto 76/2017, do 28 de xullo, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

II. Que, en virtude da lexislación referida, é o obxectivo prioritario para a Secretaría Xeral para o Deporte o fomento de hábitos saudables e a práctica deportiva mediante, entre outros mecanismos, a difusión e información actualizada sobre competicións e actividades relacionadas cos deportes de base e cos deportes minoritarios.

III. Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (en adiante, CRTVG) ven prestando atención á información e difusión dos deportes de base e alternativos que se practican en Galicia a través da súa Área de Información, nas canles *TVG*, *TVG2*, *Radio Galega* e *crtvg.gal*.

IV. Que os obxectivos informativos que se utilizan atenden á difusión de temas de actualidade e interese para a sociedade galega, o que inclúe información actualizada sobre competicións e actividades relacionadas cos deportes de base e cos deportes minoritarios.

V. Que os ditos obxectivos coinciden cos previstos para a Secretaría Xeral para o Deporte no Decreto 76/2017, do 28 de xullo, *de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*. Coa súa participación, a Secretaría Xeral para o Deporte pretende realizar un servizo de difusión na televisión pública que ten por obxecto a promoción y difusión da actividade física e do deporte.

VI. Que a CRTVG, por razón do seu alto grao de audiencia e a súa raizame na sociedade galega, é un medio idóneo para impulsar os devanditos aspectos relacionados cos hábitos saudables e a práctica deportiva e ao mesmo tempo, que por este medio se considera de grande importancia revitalizar e impulsar a súa programación en todo o que respecta a estas actividades no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

VII. Que a CRTVG, ten o interese e o deber, como servizo público que é, de dar a coñecer e promover entre a súa audiencia a divulgación de programas mediante os que se acade unha formación integral dos galegos na importancia que ten os hábitos de vida saudables a práctica deportiva.

Na súa virtude, e dada a existencia dun interese coincidente, ambas as dúas partes acordan formalizar o presente convenio, de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente convenio ten por obxecto establecer as liñas de colaboración, técnica e financeira, entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, para o desenvolvemento dunha programación específica sobre deportes de base e minoritarios que será emitida por *TVG*, *TVG2*, *Radio Galega* e por *crtvg.gal*, correspondéndolle á CRTVG o establecemento da liña editorial e a consecuente responsabilidade sobre os contidos emitidos. O desenvolvemento desta programación específica centrarase naqueles deportes que teñan un seguimento minoritario ou que carezan da visibilidade dos deportes maioritarios, poñendo o acento no deporte feminino, base e nos deportes tradicionais e minoritarios, así como naqueles eventos que xurdan durante o período de vigor do convenio e que sexan considerados de importancia para a sociedade. A programación levarase a cabo mediante:

- a. Pezas especializadas en deportes alternativos e de base, que teñen como obxectivo recoller a actualidade que se xere ao redor de competicións, equipos, deportistas e asociacións deportivas que organicen ou practiquen deportes de base ou minoritarios
- b. Canle *web* específica para o tratamento informativo de deportes base e deportes alternativos, que ten como obxectivo a difusión a través de soportes dixitais de información e retransmisións relacionadas cos deportes base e cos deportes alternativos. A nova canle *web* fundamentarase na narración multimedia e busca adaptar os contidos ás posibilidades tecnolóxicas que permite o entorno *web*.

SEGUNDA.-OBRIGAS DA CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. comprométese a realizar as seguintes actuacións:

1. Produción e emisión dun mínimo de corenta (40) pezas de entre un e dous minutos de duración de interese xeral para as actividades deportivas obxecto deste convenio que serán emitidas fundamentalmente nos programas deportivos de *TVG*, *TVG2* e *Radio Galega*, así como en *crtvg.gal*. Estas pezas serán realizadas polo equipo da CRTVG, pero contarán co asesoramento e apoio da Secretaría Xeral para o Deporte.
2. Mantemento da canle *web* colaborativa e específica para deportes de base e alternativos, que será emitida a través das plataformas dixitais da CRTVG, nomeadamente *crtvg.gal*.

No proxecto incluírase a posibilidade de xestión polos usuarios dados de alta que poderán acceder aos servizo a través dun sistema de validación que lles permitirá tanto a publicación como a visualización dos contidos segundo as correspondentes autorizacións. A entidade encargada da publicación será CRTVG. Os responsables da xeración dos contidos serán os clubs, entidades e federacións, mentres que o público xeral terá acceso libre e gratuito ás emisións realizadas a través das plataformas da CRTVG destinadas ao efecto.

Con carácter previo á publicación dos contidos, a CRTVG esixirá aos clubs, entidades e federacións un certificado onde se faga constar que os/as deportistas, ou os seus pais/nais ou titores/as, en caso de menores de idade, autorizan a comunicación pública da súa imaxe a través de internet e televisión para todo o mundo e polo tempo máximo establecido pola lei de propiedade intelectual.

A canle temática colaborativa incluírá funcionalidades para a comunidade de usuarios que permitirá a publicación de mensaxes, fotografías e vídeos; un repositorio público de contidos audiovisuais elaborados polos usuarios e a integración dos contidos producidos por CRTVG sobre as temáticas obxecto deste convenio; un soporte de directo que permita a retransmisión en *streaming* de acontecementos relacionados co obxecto deste convenio; e unha plataforma que recolla resultados deportivos de competicións de base e de deportes alternativos.

Este proxecto inclúe a posibilidade de poder ser consumido en calquera das plataformas existentes (dispositivos móbiles, tablets, ordenadores persoais...) e contará cun deseño *responsive* que garanta a mellor adaptación a cada unha delas.

3. Cesión ou o aproveitamento do material gráfico elaborado por CRTVG para uso da Secretaría Xeral para o Deporte na promoción, divulgación, cursos, conferencias, material didáctico ou difusión por calquera medio que considere oportuno dita secretaría xeral, enviándoselle copias dos espazos emitidos nun soporte de calidade axeitado e posibilitando a solicitude puntual de imaxes ou material en bruto.

As devanditas producións, nos seus títulos de crédito, farán constar *"Imaxes cedidas por Televisión de Galicia"*.

Con carácter previo á reprodución que se autoriza nesta cláusula, a Secretaría Xeral para o Deporte solicitará a CRTVG as imaxes que precise, o seu destino, o número de copias que proxecta realizar e o procedemento de distribución previsto. Así mesmo, poderá solicitar copias dos programas emitidos en formato DVD.

4. Finalmente, a CRTVG asume a obriga de facer constar a colaboración da Xunta de Galicia - Secretaría Xeral para o Deporte en dita produción, en atención ao disposto na lexislación vixente en materia de comunicación audiovisual.

Para a realización dos programas obxecto do convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte orientará e facilitará a información necesaria.

Os medios técnicos e humanos necesarios para a gravación e produción das pezas obxecto deste convenio serán por conta da CRTVG.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE

1. A achega, como máximo, das cantidades que figuran no presente convenio para levar a cabo o obxecto do mesmo.
2. A orientar e facilitar á CRTVG a documentación e mais o asesoramento necesario para a elaboración das actividades obxecto deste convenio.

CUARTA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

Para a colaboración nos gastos orixinados para a realización da devandita información, e como compensación dos gastos nos que incorre a entidade para a realización do obxecto do convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte aportará á CRTVG ata un máximo de quince mil euros (15.000,00 €), IVE engadido, con cargo á aplicación orzamentaria 2019.04.40.441A.226.02 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

A colaboración financeira da Secretaría Xeral para o Deporte neste convenio non terá o carácter de prezo, senón de achega que se realiza para compensar ao medio de comunicación dos gastos nos que incorre como consecuencia da elaboración, planificación, posta en marcha e desenvolvemento da campaña obxecto do convenio. Porén, existe unha compensación acorde á actividade esixible ao medio de comunicación, sen marxe comercial de ningún tipo.

Segundo o orzamento presentado pola CRTVG o custo da campaña ascende a 32.867,00€ más o custo que produza a obriga da cláusula 2.3 que neste momento non se pode avaliar.

O importe do contravalor que aporta a Secretaría Xeral pola prestación que se realiza está fixado utilizando criterios obxectivos adaptados aos que rexen no mercado e acada o 45,64% dos gastos da campaña de fomento do deporte de base e alternativos .

O aboamento da citada cantidade farase nunha vez, logo da realización do obxecto do convenio, contra a presentación por parte do medio de comunicación, antes do 15 de decembro do ano corrente, da factura correspondente, na que figurarán como concepto “convenio asinado coa Secretaría Xeral para o Deporte no ano 2019”, xunto coa memoria das actuacións desenvolvidas, con detalle dos traballos realizados e na que se renderá xustificación dos resultados alcanzados e dos custos incorridos.

A CRTVG achegará tamén as certificacións expedidas polas administracións correspondentes, que acrediten que a entidade atópase ao corrente nas súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, así como que non ten débedas contraídas coa Xunta de Galicia.

QUINTA.- RÉXIME DE PROPIEDAD INTELECTUAL

Toda a documentación que se produza como consecuencia das actuacións contempladas en desenvolvemento do presente convenio, e sen prexuízo do disposto na Sección Segunda do Capítulo III do Título II da Lei *de Propiedade Intelectual*, aprobada por Real Decreto Lexislativo 1/1996, do 12 de abril; poderá utilizarse polas entidades asinantes nos cursos e actividades que se programen, ben desde este organismo ou ben en colaboración con outras entidades, a través de calquera tipo de convenio ou acordo, promovido en desenvolvemento do presente Convenio, segundo o establecido na cláusula segunda.

SEXTA.- CONFIDENCIALIDADE E TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

As partes comprométense a manter estrita confidencialidade respecto de calquera información de carácter confidencial que lle sexan fornecidas en méritos do presente Convenio, a non ser que por parte das mesmas autorizásese expresamente a súa difusión.

Este compromiso de confidencialidade farase extensible ao tratamento de calquera outros datos e informacións de carácter persoal a que as partes asinantes ou calquera das sociedades que integran os seus respectivos grupos de empresas puidesen ter acceso como consecuencia da execución do presente Convenio.

Neste sentido as partes comprométense a cumprir adecuadamente e, en todo momento, as disposicións contidas na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, *de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais* (en diante, LOPD), e na súa normativa de desenvolvemento, e en calquera outras normas que no futuro poidan promulgarse sobre a devandita materia, comprometéndose a deixar indemne á outra parte contractual de calquera responsabilidade que se puidese declarar como consecuencia do incumprimento das obrigacións que en materia de protección de datos de carácter persoal lles incumben a cada unha delas.

En particular, se para o correcto desenvolvemento da colaboración determinada no presente Convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte dese á CRTVG acceso a datos de carácter persoal, este acceso será realizado en todo momento de conformidade co establecido na normativa vixente en materia de protección de datos, conforme a cal a parte que, no seu caso, tivese acceso aos devanditos datos asumiría as seguintes obrigacións:

1. Non aplicar ou utilizar os datos persoais para fins distintos aos que figuren no presente Convenio, nin cedelos nin sequer para a súa conservación a outras persoas.
2. Garantir, na súa condición de encargado do tratamento, a adopción e implementación das medidas de seguridade correspondentes ao tipo de datos tratados.
3. Gardar segredo profesional respecto dos mesmos, aínda despois de finalizar a colaboración delimitada por este Convenio.
4. Cumprir en todo momento coas prescricións establecidas pola lexislación vixente en materia de protección de datos e trasladar as obrigacións citadas nos parágrafos anteriores ao persoal que colabore e interveña no desenvolvemento das accións que se deriven do cumprimento do presente Convenio.
5. Cumprida a colaboración delimitada polo presente Convenio, deberán destruírse todos os datos de carácter persoal tratados, de forma que non poidan resultar recuperables nin reutilizables de ningún xeito.

En caso de incumprimento do estipulado, a CRTVG e os técnicos que formen parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que deriven del.

SÉTIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A realización das actuacións previstas neste convenio non leva consigo relación laboral ou de calquera outro tipo entre os profesionais encargados de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e A Secretaría Xeral para o Deporte, de tal xeito que nos se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a CRTVG, nas relacións cos traballadores aos que encomende a execución da programación.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN.

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes designados pola CRTVG.

A Comisión reunirse unha vez ao ano e tantas veces como sexa necesario para a boa marcha das actuacións para desenvolver no marco do Convenio. Levantarase acta dos acordos adoptados nas devanditas reunións.

A Secretaría da Comisión será desempeñada por un representante da CRTVG.

Así mesmo poderán asistir ás reunións desta comisión os expertos que se designen en cada caso polas partes necesarios para o mellor desenvolvemento dos correspondentes traballos. Con todo, a presenza dos devanditos expertos circunscribírase á súa calidade de asesores, non tendo en ningún caso dereito de voto, nin os dereitos executivos que lles corresponden aos membros da devandita comisión.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO E CAUSAS DE RESOLUCIÓN.

A vixencia do convenio estenderase dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 20 de decembro de 2019.

De acordo co artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O transcurso do prazo de vixencia do convenio sin que se teña acordado a prórroga do mesmo.
- 2.-O acordo unánime de todos os asinantes.
- 3.- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algún dos asinantes. Neste caso, estarase ao disposto no artigo 51 c) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- 4.- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- 5.-A imposibilidade de realización das actuacións descritas nel por causas non imputables ás partes.
- 6.-Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

DÉCIMA.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO

As causas polas que se pode modificar o presente convenio son:

- 1.-Por acordo unánime dos asinantes.

2.-De acordo co artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA. REXISTROS PÚBLICOS

De acordo co establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia a CRTVG consinte expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes obxecto deste convenio no rexistro público citado

Así mesmo consinte na publicación do convenio que esixe a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno no artigo 15 referido as obrigas específicas de información sobre convenios.

DÉCIMO SEGUNDA. - NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten a natureza dos previstos no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, e *Contratos do Sector Público*, e o seu réxime xurídico virá determinado polas estipulacións previstas no propio Convenio e polos principios xerais resultantes da citada Lei.

As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que puideran derivarse da aplicación do presente convenio deberán resolverse pola Comisión de Seguimento á que se refire a cláusula oitava do presente Convenio. Se non se puidese acadar o dito acordo, as posibles cuestións litixiosas serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

En proba de conformidade asínase o presente, por triplicado, no lugar e data arriba indicados.

Pola Secretaría Xeral de Deporte,

Pola CRTVG,

O SECRETARIO XERAL PARA O DEPORTE

O DIRECTOR XERAL DA CRTVG